25n 2026 Día internacional da eliminación das violencias contra as mulleres



Propostas didácticas

PARA TRABALLAR NAS AULAS
DE **INFANTIL** O 25N

(CO)educando á par que (DE)construíndo

as.pg
ASOCIACIÓN SOCIO-PEDAGÓXICA GALEGA

CIG
Confederación Intersindical Galega
ENSINO

Edita: Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG) e CIG-Ensino.

Autora: LAURA VEIGA. Xornalista, sexóloga e divulgadora

Permítese a reprodución parcial ou total dos contidos desta publicación sempre e cando se realice sen ánimo de lucro e se cite a súa procedencia e autoría.

Imaxes cuberta: Freepik.com

Xustificación

Segundo o recollido no informe *Intensificación dos esforzos para eliminar todas as formas de violencia contra as mulleres e as nenas: violencia contra as mulleres e as nenas facilitada pola tecnoloxía* da ONU, a violencia contra as mulleres e as nenas continúa sendo un dos problemas de dereitos humanos máis prevalentes do mundo. Esta ten graves consecuencias para a saúde e a vida das mulleres e das nenas, as familias, as comunidades e a sociedade no seu conxunto. Ademais, os rápidos cambios tecnolóxicos continúan xerando novos riscos no que respecta á violencia contra mulleres e nenas.

En concreto, en Galicia, só durante 2024,

> rexistráronse 7.602 denuncias por violencia de xénero [...] A cifra total implica que, de media, os xulgados de violencia contra a muller reciben cada día 21 denuncias por violencia de xénero, case unha denuncia cada hora.

tal e como recollía o diario *Praza* en 2025. Ademais

> en 2024, cinco mulleres foron asasinadas en Galicia polas súas parellas ou ex-parellas.

O 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, ofrece unha oportunidade educativa para traballar a prevención da violencia dende aprendizaxes adaptadas á idade á que se dirixen: coidado, respecto, autonomía, resolución pacífica dos conflitos, igualdade, pensamento crítico e un uso responsable das contornas dixitais. Isto concorda coa Declaración sobre a eliminación da violencia contra as mulleres, aprobada pola ONU o 20 de decembro de 1993, onde se recolle a obriga dos estados a condenar a violencia contra as mulleres, así como de aplicar unha política encamiñada a eliminala. Con este fin, deberán

> adoptar todas as medidas apropiadas, especialmente no sector da educación, para modificar as pautas sociais e culturais de comportamento dos homes e das mulleres e eliminar os prexuízos e as prácticas consuetudinarias ou doutra índole baseadas na idea da inferioridade ou a superioridade dun dos sexos e na atribución de papeis estereotipados aos homes e ás mulleres..

O Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, concibe esta etapa como especialmente orientada ao desenvolvemento integral e aos dereitos da infancia, baixo principios como o deseño universal para a aprendizaxe. A pro-

posta concreta estes principios mediante a linguaxe oral, a educación emocional, a autonomía, a convivencia e a exploración de situacións cotiás. Neste sentido, esta guía pretende que as crianzas poidan practicar habilidades preventivas: identificar incomodidade, expresar límites, pedir axuda, respectar un non e reparar un dano.

Metodoloxía

Esta proposta didáctica, dirixida ás aulas de infantil, parte dun enfoque preventivo e positivo, baseado na educación emocional, a convivencia e o desenvolvemento de habilidades de autoprotección adaptadas á idade. Neste sentido, abórdase a prevención da violencia a través da promoción do bo trato, o respecto mutuo, a autonomía persoal, a comunicación asertiva e a identificación das persoas de confianza.

A metodoloxía será activa, participativa e globalizada, partindo de situacións próximas á experiencia cotiá do alumnado: os xogos, as relacións cos iguais, a vida familiar e as rutinas escolares. Empregarase unha combinación de conversa guiada, narración oral, xogos cooperativos, representación de situacións, expresión artística e aprendizaxe baseada na resolución de pequenos conflitos.

A avaliación realizarase mediante unha observación cualitativa: identifica emocións básicas, expresa preferencias, respecta un límite, propón unha acción de coidado, saber a quen acudir para pedir axuda.

As respostas poderán darse mediante a palabra, sinalando imaxes, mediante xestos ou debuxos. Ademais, poden utilizarse diferentes adaptacións:

- **3-4 anos**: empregar situacións moi próximas á súa realidade, cun apoio visual constante. Reducir o número de conceptos por sesión, empregar contos breves, repeticións e dinámicas manipulativas. As consignas serán sinxelas e concretas, apoiadas con exemplos visuais.
- **5-6 anos**: introducir situacións algo máis complexas que requiran reflexión, anticipación de consecuencias e busca de solucións. Potenciar a explicación verbal das emocións e favorecer que o alumnado propoña alternativas de resolución dos conflitos.
- **Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo**: empregar pictogramas de emocións, accións e persoas de confianza; anticipación das actividades mediante axendas visuais; tempo adicional para responder; sistemas aumentativos e alternativos de comunicación cando sexa necesario; modelado das respostas; agrupamentos flexibles e apoio individualizado. No caso das persoas con dificultades de comunicación oral, por exemplo, pódese permitir a resposta mediante o sinalamento, a elección de imaxes, a comunicación bimodal, taboleiros de comunicación ou expresión artística. Ademais, no caso de alumnado autista e/ou con discapacidade intelectual é útil utilizar historias sociais, reforzadas mediante

exemplos concretos e con apoios visuais. Se houbese alumnado con altas capacidades ou que mostra aburrimento ante estas propostas, pode aproveitarse como unha oportunidade educativa para favorecer a creación de novas historias, materiais ou propostas de sensibilización para o resto do grupo.

Obxectivos xerais

- Identificar emocións de benestar e malestar
- Detectar situacións onde non se respectan os gustos ou límites dunha persoa
- Propoñer solucións baseadas no diálogo e no coidado mutuo
- Consolidar estratexias de coidado e respecto
- Identificar accións concretas de axuda
- Construír colectivamente compromisos de convivencia
- Identificar sensacións de seguridade e incomodidade
- Practicar a expresión emocional
- Reforzar a procura de axuda
- Identificar redes de apoio
- Fomentar a confianza nas persoas adultas protectoras
- Favorecer a seguridade persoal
- Cuestionar estereotipos de xénero
- Ampliar referentes
- Promover a igualdade de oportunidades

Actividades

Proposta principal: A CAIXA DAS SOLUCIÓNS

Duración: 2 sesións de 45 minutos.

Idea central: a aula recibe unha caixa con pequenas historias nas que algo non funciona ben nunha relación. O reto non é buscar culpables, senón descubrir que podería facer cada persoa para que a situación fose máis segura e respectuosa.

Por exemplo:

Tarxeta 1. Xogar e descansar

Martín e Aldara están no recuncho de construcións. Martín quere seguir facendo unha torre moi alta porque aínda non a rematou. Aldara leva moito tempo xogando e nota que está cansada. Ela di que quere sentar un anaco e descansar. Martín enfádase un pouco porque pensa que sen ela non poderá terminar a torre e insiste en que continúe xogando.

Tarxeta 2. O material compartido

No momento de facer un debuxo, Iria está a colorear cunha caixa de ceras que ten ao seu lado. Sen dicir nada, Xoel colle unha das ceras porque lle gusta esa cor e quere usala. Cando Iria mira, ve que xa non ten a cera que estaba empregando e séntese molesta porque ninguén lle preguntou antes.

Tarxeta 3. Gustos diferentes

No patio, varias nenas e nenos falan dos seus xogos favoritos. Candela conta moi contenta que lle gusta moito xogar cun determinado xogo. Cando o di, outro compañeiro comeza a rir e comenta que ese xogo é aburrido. Algúns nenos tamén rin. Candela deixa de sorrir, baixa a cabeza e xa non quere seguir falando do que lle gusta.

Tarxeta 4. Respectar o corpo e os límites

Á hora de chegar á aula, Hugo está moi contento de ver a Noa e quere darlle unha aperta. Noa di que non lle apetece recibir unha aperta nese momento e prefire saudar coa man. Hugo segue insistindo porque pensa que as apertas son algo agradable para todo o mundo. Noa cada vez se sente máis incómoda porque xa explicou o que quería.

SESIÓN 1: Abrimos a caixa

Obxectivos específicos

- Identificar emocións de benestar e malestar
- Detectar situacións onde non se respectan os gustos ou límites dunha persoa
- Propoñer solucións baseadas no diálogo e no coidado mutuo

Desenvolvemento

1. Conversa inicial. Sentadas en asemblea, preséntase a caixa das solucións.

Preguntas orientadoras:

- Como nos sentimos cando nos escoitan?
- Como nos sentimos cando alguén non respecta o que dicimos?
- Que podemos facer cando unha persoa está triste ou incómoda?

2. Descubrimento das historias

A docente extrae diferentes tarxetas. Tras cada historia pregúntase como se sente cada personaxe, que pode facer para expresalo e que solución sería máis respectuosa. As propostas recóllense nun mural ou nunha pizarra.

3. Peche

Escóllense entre todas tres ideas fundamentais. Por exemplo, escoitamos as demais persoas, respectamos un 'non' e pedimos axuda cando a precisamos. Estas ideas quedarán visibles na aula.

SESIÓN 2: Fabricamos o kit do bo trato

Obxectivos específicos

- Consolidar estratexias de coidado e respecto
- Identificar accións concretas de axuda
- Construír colectivamente compromisos de convivencia

Desenvolvemento

1. Recordamos o aprendido

Repaso rápido das historias traballadas na sesión anterior e das ideas fundamentais.

2. Fabricación do kit

Cada neno e nena elaborará un elemento simbólico para introducir nunha caixa colectiva. Por exemplo, un corazón (algo que podo facer para coidar), unha ore-

lla (algo que podo escoitar), unha man (algo para axudar), unha boca (unha frase respectuosa), etc. Os elementos poden realizarse mediante debuxos, fotografías ou pictogramas.

3. Presentación e compromiso final

Cada participante explica o seu obxecto e introdúceo na caixa. Como peche, o grupo elabora un pequeno 'Acordo do bo trato', adaptado á idade. Entre outras cousas, este acordo incluirá: falamos con respecto, coidamos as persoas, respectamos os límites, pedimos axuda cando a necesitamos. A caixa quedará na aula para utilizala durante todo o curso cando aparezan conflitos.

Propostas complementarias

1. O semáforo das emocións

Duración: 20-30 minutos

Obxectivos específicos

- Identificar sensacións de seguridade e incomodidade
- Practicar a expresión emocional
- Reforzar a procura de axuda

Constrúese un semáforo con tres cores: verde, síntome ben; amarelo, algo non me gusta; vermello, necesito parar e pedir axuda.

A docente presenta situacións cotiás e o alumnado escolle a cor correspondente.

Por exemplo:

- Estou a facer un debuxo e unha compañeira dime que lle gustan moito as cores que escollín.
- Quero xogar ás construcións e os meus compañeiros pregúntanme se quero participar.
- Dígolle a outra persoa que prefiro un xogo diferente e escoita a miña idea con atención.
- Necesito axuda para poñer a chaqueta e unha persoa adulta axúdame con paciencia.
- Estou xogando e alguén cólleme un xoguete sen preguntar.
- Quero contar algo na asemblea, pero varias persoas interrompen e non podo rematar.
- Un compañeiro decide sempre o xogo e nunca pregunta que queren facer as demais persoas.
- Alguén fai un comentario que me molesta sobre o debuxo que fixen.
- Dígolle a unha persoa que non quero que me empurre e segue facéndoo.

- Un compañeiro insiste varias veces en darme unha aperta despois de que lle dixen que non me apetece.
- Alguén escóndeme algo importante e non quere devolvermo, aínda que lle pido que pare.
- Estou moi triste ou preocupado/a por algo que está pasando e non consigo resolvelo só/a, polo que necesito pedir axuda a unha persoa adulta.

2. O mural das persoas que me coidan

Duración: 30 minutos

Obxectivos específicos

- Identificar redes de apoio
- Fomentar a confianza nas persoas adultas protectoras
- Favorecer a seguridade persoal

As crianzas elaboran un mural con debuxos ou fotografías de persoas adultas de confianza (familiares, profesorado, persoal do centro, outras figuras de referencia). Logo de ter identificadas cales son esas persoas de confianza no traballo previo de aula co alumnado, explícase que todas as persoas teñen dereito a pedir axuda cando a precisan.

3. Xogamos sen etiquetas

Duración: 40 minutos

Obxectivos específicos

- Cuestionar estereotipos de xénero
- Ampliar referentes
- Promover a igualdade de oportunidades

Preséntanse imaxes ou obxectos asociados tradicionalmente a distintos estereotipos (construcións, cociñas de xoguete, disfraces, deportes, coidados de bonecas, etc.). O alumnado reflexiona sobre quen pode realizar cada actividade mentres a docente guía para chegar á conclusión de que todas as persoas poden xogar, sentir, aprender e coidar independentemente de seren nenos ou nenas.

Bibliografía

DOG, "DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (2022).

Organización de las Naciones Unidas, «Declaration on the Elimination of Violence against Women» (1993).

Organización de las Naciones Unidas, «Intensification of efforts to eliminate all forms of violence against women and girls: technology-facilitated violence against women and girls» (2024).

Praza.gal. «7.602 denuncias por violencia de xénero, novo máximo anual en Galicia, 21 por día» (2025).

Portal de Igualdade da Xunta de Galicia.

Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia.

Portal Educativo da Consellería de Educación (EduXunta).

Instituto da Muller.

Recursos

Libros

O mapa da túa sexualidade, de Laura Veiga (Xerais, 2026)

Rosa Caramelo, de Adela Turín (Kalandraka, 2012)

Artur e Clementina, de Adela Turín (Kalandraka, 2012)

Daniela Pirata, de Susanna Isern (Nubeocho, 2017)

A mellor sopa do mundo, de Susanna Isern (OQO Editora, 2015)

As princesas (pequenas) tamén soltan peidos, de Ilan Brenman (Algar Editorial, 2019)

Violeta quere ser vampiro, de Ramón D. Veiga (Xerais, 2017)

Series

Steven Universe (Cartoon Network, 2013)

Bluey (Ludo Studio, 2018)

Tumble leaf (Bix Pix Entertainment e Amazon MGM Studios, 2014)

Dupi (NTR, Walking the Dog e Teidees Audiovisuais, 2022)

Bibopalula (Unodez e TVG, 2024)

Octonautas (Chorion, 2010)


as.pg
ASOCIACIÓN
SOCIO-PEDAGÓXICA
GALEGA


CIG
Confederación Intersindical Galega
ENSINO